

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 24 de novembro de 2021, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto de cambio de uso forestal a agrícola de varias parcelas, na parroquia de Balmonte, no concello de Castro de Rei (Lugo) (expediente 2021/0014).

De conformidade co artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise público o informe de impacto ambiental do 23 de novembro de 2021, do proxecto de cambio de uso forestal a agrícola de varias parcelas, na parroquia de Balmonte, no concello de Castro de Rei (Lugo), promovido por Ganadería Xacinto, S.C.

Este informe poderase consultar na ligazón <https://cmatv.xunta.gal/resoluciones-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n).

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2021

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade
e Cambio Climático

CVE-DOG: nuiuu07-qs87-r5l3-8nq5-icjn64jlbfi5

